

O NOMEAR XUSTO DAS COUSAS
(NAVEGACIÓN POLA POÉTICA DE RAFA VILLAR)

Confúndese ás veces
o pasado e o futuro
para negaren a evidencia
do home que escribe
perante os ollos do mundo,
incrédulo e medoñento.

(De *Liques da memoria*)

Rafa Villar (Cee, 1968) comeza a súa andadura poética gañando a primeira edición do, xa desaparecido, Premio "Fermín Bouza Brey" (convocado polos Concellos de Vilagarcía de Arousa, Ponteareas e Cortegada) no ano 1992 con *Liques da memoria*¹, un libro de escasa fortuna no terreo editorial que acabará sendo publicado, en forma de folleto, pola Aula de Cultura de Caixa Galicia e ficará sen ser distribuído ás librerías.

Nesta primeira obra, o autor vai primar unha liña metapoética que non lle impide ir xa amosando algunhas das que serán as súas constantes temáticas posteriores. Así, é ben perceptible nos versos a presenza do amor, a memoria, o paso do tempo, a preocupación polos desfavorecidos e pola terra escravizada que se irán desenvolvendo -nalgúns casos de maneira fulcral- conforme avanza a creación da súa obra ata conformar un corpus poético completo e heteroxéneo.

Do mesmo xeito que o artesán, antes de dobregar o corpo amorfo da materia, observa a súa esencia e sopesa as posibilidades que esta lle ofrece; a voz lírica vai no poemario inaugural -*Liques da memoria*- enunciando as súas primeiras experiencias no camiño do verso, ese achegarse tímido á palabra poética para desentrañar o seu misterio escuro como quen busca o segredo da propia vida, e faino dun xeito consciente e explícito:

*Das palabras
axiña procurei os seus misterios
para ser dono do silencio
e nas noites
reter os significados máis ocultos
na luz dos versos
dos vellos poetas ([1993], III).*

A debilidade da palabra -que se torna incompleta de máis para expresar todo o que o poeta desexa- e o abatemento dunha voz rouca e rota -perseguida por ser "voz

¹ Editado por Caixa Galicia, sen lugar nin data de publicación, o propio autor sitúaa, con reservas, en novembro de 1993. Citaremos, pois, tendo en conta este ano.

irmá/ amiga, solidaria, obreira/ voz de terra/ voz de patria/ voz conmovida" ([1993], VIII)- non impiden que xurda un certo sentimento de goce na batalla contra o pasado, o tempo e a necesidade de expresión pois, na dura loita contra un mesmo no acto da escrita, o ser acada "*o nomear xusto das cousas/ a luz ferinte das ideas/ rebordándose*" ([1993], XLIV). É dicir, atinxe a cualidade que lle permite non só construír a súa obra -a voz poética- senón encetar o camiño do futuro xa que esta é a voz, como sinala Emílio Xosé Ínsua, de quen abandona as terras da infancia:

"Trata-se dun conxunto de corenta e catro poemas, a maioría de corte intimista, que revelan, ante todo, a procura e o encontro da propia identidade, os achádegos vitais dun mozo que abandona o cálido espazo da infancia para asumir a madurez e vivir "unha implacábel nostalxia do futuro". As lembranzas e os pousos da memoria (os "liques") explican un presente colmado de voz" (Ínsua, 1996: 21).

Cofecido xa ese segredo que reside nas palabras, Rafa Villar abandonará -se ben nunca totalmente- esta liña intelectual para mergullarse noutras temáticas. Da cabeza ó corazón, nunha segunda etapa da súa viaxe lírica devala cara ó centro da afectividade humana ata recalar no tema máis universalmente tratado pola literatura: o amor e a súa vivencia. Esta temática que sae á luz en *O devalo do mar*² continúaase, conformando un tronco común, en *No mesmo espacio*³ e aínda se prolongará, xa sen o carácter fulcral que posúe nestes dous poemarios, nas obras seguintes.

En *O devalo do mar* o eu poético amósase felizmente enmarañado nese novelo que conforma coa amada pois é tal o grao de comunión entre eles que esta remata por desbordalos extrapolándose ó cosmos mariño do que son integrantes. As imaxes simbólicas da auga van deseñando as fases, álxidas e latentes, da paixón humana e así o mar, o río, as gotas... espallan no entorno a harmonía erótica, a fertilidade sensual, pero tamén a tristeza da perda:

*direi de paso
que a soidade é un río
que vai bordeando os teus peitos
e desemboca en fervenza
no teu embigo silencioso* (1994: 23).

O autor utiliza constantemente na obra un abondoso aparello simbólico relacionado co mar e redunda así na visión xa clásica do ser como un barco á deriva que vai construíndo a súa historia vital mentres afronta a singradura. Este predominio das imaxes e dos termos marítimos leva a Marta Dacosta a afirmar que:

² Editorial Graftex Autoedición, Santiago, 1994.

³ Edicións do Dragón, Galiza, 1995. É a primeira carpeta individual de autor que publican e está ilustrada por Tokio.

"O mar ten unha grande importancia neste poemario, está presente desde o mesmo título e en cada poema as voces que a el se refiren son frecuentes. É o espacio dos poemas, é o poeta, é a amada, éo todo en definitiva, polo que chega a ter tanta importancia como a propia temática amorosa, ou como a amada, ser omnipresente no poemario." (Dacosta, 1995: 81).

O amor vivido con entrega total é unha experiencia transformadora que parte do máis íntimo para facer camiño sobre o mar, que muda o carácter da singradura vital e converte os naufraxios nun achegamento ó infinito. Así, por máis que sinta a punzada das dúbidas e o medo á perda, o eu entrégase sen límites a unha viaxe onde o rumbo lle vén dado polos caprichos desa "*pequena capitana*" invocada no poema inicial: "aviso aos navegantes" (1994: 7). Este carácter activo da muller -fronte á pasividade do grumete que anxeia desde o porto ser reclamado para sumarse á ruta- ten moito do caprichoso vaivén oceánico:

*contemplo desde o peirao
a caída da tarde
nas augas,
os últimos reflexos do sol
na quietude do azul, do verde
e evócate no mar
como unha onda apaixonada e selvaxe
que me leve
para me devolver
xa por fin
á certeza de navegar no infinito* (1994: 24).

Sen embargo, a vivencia do amor non é estática na obra senón que evolúe axudada pola sensación de continuidade (Dacosta, 1995: 81) que lle confere a falta de puntuación ó comezo e remate dos poemas. Esta ausencia de signos redunda nunha imaxe circular -pechada e repetitiva- do cosmos onde os amantes son o centro e nada exterior pode introducirse para perturbar o seu encontro, pois, en palabras de Francisco Souto,

"Estamos diante dun poemario erótico moi homoxéneo, até o punto de afirmar que se trata dun único poema que vira e se revira na tensión dunha linguaxe obsesivamente acuática. Un poema dialogado onde case sempre o amante é suxeito da acción mais tamén da acción colectiva" (Souto, 1994: 26).

É esta evolución interna do sentimento a que permite delimitar o tempo que predomina en cada unha das tres partes en que está dividido *O devalo do mar*. Na primeira, o eu fala desde o momento da comunión e do encontro marcando constantemente ese carácter acuático que posúen ambos os seres: un eu que afirma "*de auga e sal fun feito*" (1994: 9) e que "*co corazón rebordado de peixes*" (1994: 12) se dá a esa singradura "*no océano do teu corpo*" (1994: 51) e un ela -de ollar de algas e *ventre coralino* (1994: 41)- que marca o rumbo, guía o leme. Pronto comeza a nacer no eu un

rastro de medo e dúbida que se consolida na segunda parte cando inicia o exercicio saudoso de lembrar, na soidade, o pasado e, a un tempo, agardar a aquila que non sabe se chegará. É o carácter libérrimo innato ó mar e ós seus seres - inconstantes e volubles- o que motiva a marcha da amada e obriga ó eu poético a encher os versos coa evocación, o recordo e a búsqueda do seu rastro. Todo isto desemboca na convocatoria constante da terceira parte cando o eu convida á amada a regresar e soña un futuro reencontro nunha nova singradura -"*hei de me entregar de novo a ti/ como un barco se entrega ao mar/ sucando por entre as ondas/ con desafío/ e naufragando no temporal*" (1994: 35). Sen embargo, por máis que desexe encetala, esta xa non é viable pois o eu poético esqueceu o mar perdendo así as súas cualidades náuticas:

*capitana das miñas naus
xa non recordo o mar*

*esquecín os doces días da partida
na calma dos ronseis prateados
esquecín toda a miña coraxe
na última singradura cara a ti*

*esquecín, capitana das miñas naus,
como se vira o leme en baixamar* (1994: 39).

Completada a historia de desencontro destes dous seres, temos na soidade - no "*serán empardecido da túa ausencia*" (1995a: 3)- o punto de partida para a segunda obra de temática predominantemente amorosa: *No mesmo espacio*. Como sinala Emílio Xosé Ínsua, neste poemario os textos fanse longos e complexos ata o punto de romper con esa concisión innata ó noso autor que retomará en obras posteriores:

"Os poemas perderon aquí a continéncia expresiva dos anteriores libros do noso poeta e derraman-se, alongando-se e complexizando-se, para exprimir, fundamentalmente, a idea da auséncia, que o enche todo. Hai nos versos unha acedume resignada (...) e unha certa melancolía incurábel" (Ínsua, 1996: 21).

Agora o eu, solitario, decide iniciar un camiño que o leve, nunha clara actitude de procura que é case iniciática, a unha meta que descoñece pero recorda dun xeito subconsciente: o *espacio* onde habita esa muller que se esvae na auga, na terra, na natureza toda de quen posúe rasgos caracterizadores. É ela a forza que move ó ser, provocándolle un desexo de chegar a ese lugar non por recordado menos descoñecido e el búscaa consciente de que "*es o destino irremediábel, a chegada,/ un imperceptíbel punto do cosmos/ sen o que eu/ vou extinguindo a miña luz*" (1995a: 9). Eis a esencia da viaxe:

*O teu rastro inconcluso busquei
para encontrarte.*

(...)
*Lembraba si con exactitude
o lugar preciso en que te vin,
o teu ollar, a túa chuvia
e a transparencia que desprendías* (1995a: 1).

Sen embargo, este espacio procurado non deixa de presentarse constantemente como irreal, inacadable, pois parece moverse ó mesmo tempo que o eu poético, afastándose no seu propio camiñar. O espacio, como o tempo, non deixará de expandirse nunca ata que, dun xeito heracliteano, o eu poético comprende que "*a terra á que habemos de volver/ xa non é a mesma da que viñemos*" (1995a: 2), un paradigma que tamén expresa no seu prólogo á obra Francisco Alonso:

"o espacio é tan intanxible como a propia poesía de Rafa Villar, que se filtra na pel do lector coma unha sombra. E o espacio ten un escenario, cósmico, que se estende polo universo, que abrangue as estrelas e os cometas, que brilla emanando luz do seu para iluminar as constelacións do amor, todas, os recunchos do corpo, que é abismo, tempestade, aire, enseada, fervenza, mar, unllas do río triste de outono" (Alonso, 1995: s.p.).

Sen embargo, mentres busca, o eu poético non deixará nunca de evocar un pasado perdido e de ter fe en reencontrarse con esa muller fuxidía. Só así poderá, restaurando o universo do seu amor, modificar todo aquilo que o rodea. O futuro deriva entón na esperanza de habitar un espacio onde convivan dous seres que "*se cinguen e arredan, dous que comparten e separan, dous que se atraen e repelen*" (Alonso, 1995: s.p.). Pero a meta do camiñante tamén é incerta por anónima -"*é este un novo territorio,/ que precisa nome*" (1995a: 3)- nun momento en que a potencia creadora da palabra se revela con toda a súa forza e, recollendo a liña metapoética que viña de *Liques da memoria*, o autor dá entrada no verso á disquisición sobre a mesma vencellada ó espacio pois

"Alí é onde se xera a palabra, e a palabra xorde do silencio para revelarse transparente, fervenza de amores e ausencias. A palabra é tamén a referencia do cosmos no papel, a invocación do amor, o anxeio imperioso de escribir nos muros un poema, e, por fin, necesidade de trascender" (Alonso, 1995: s.p.).

Por iso os poemas se alongan na obra como os pasos do camiñante pola ruta e a imaxinería do verso redunda nun disfarzar a verdadeira mensaxe, converter en lugar de encontro o punto máis descoñecido, furtar o desenlace do mesmo xeito que o futuro esconde os seus designios. O eu poético busca o espacio "*do outro lado*" - virtual por non presente- que pode ser solitario por máis que "*outras veces faise común e compartido, roto, pero sempre, fráxil, no presente e na memoria, capturado na rede do horizonte, en perspectiva, un espacio de metáforas finas coma nubes, de versos imperceptibles, lentos, case silvestres*" (Alonso, 1995: s.p.). Fronte a este espacio da incertidume, o eu poético afírmase na certeza da súa volta futura por máis que esta non resida en bases sólidas:

*Non é firme o pensamento
nin a memoria.
Pero hei volver.
Non sei como
pero hei volver.
Que me agarden as palabras e os combates,
que me agarde o son,
porque todo me recorda a ti,
mesmo o silencio (1995a: 20).*

Novamente, o autor amosa o seu gusto polo léxico vencellado á natureza, sobre todo no que toca á esfera do mar. Isto é especialmente relevante na construción da imaxe dunha muller libre como o vento, fuxidía na auga, iluminada pola luz do misterio, omnipresente e invisible. Será no seu encontro futuro cando o eu pase a ostentar tamén estas cualidades naturais para ofrendalas ó cosmos, ó xeito da enerxía en constante transformación, acadando así a fin da súa viaxe:

*Nas recaladas,
ao que o vento encalme,
habemos de dividirnos en fragmentos,
en pingas, en promesas,
e ti virás comigo pola terra
para invertarmos os ríos
e as ribeiras (1995b: 8).*

Na súa cuarta obra, *A sotavento dunha singradura*⁴, Rafa Villar enceta unha liña de denuncia social, próxima da épica (Araguas, 1995: 6 e Ínsua, 1996: 22), que lle permite construír un canto á unidade solidaria e comunal na consecución dun futuro mellor. A singradura, que fora ata o de agora individual, pasa a ser necesariamente colectiva cando se nos arrebatada a patria e debemos buscar novos territorios onde establecernos como tribu. É esta a forza que move ó eu poético a arengar á unión gremial pois unicamente cos ollos postos no horizonte e remando todos xuntos lograremos que a nave que nos leva avance cara a unha terra prometida onde esquecer os anos de invernía e pedra na mordedura vivificante da luz. Esta odisea dá sentido tanto ó propio exercicio da escrita como a calquera xesto de rebeldía, aínda a aquel que nos leva a divagar:

*Vogamos e ceamos
sen sentido nin dirección
e viramos en nós mesmos,
labirintos e espirais.*

Soñamos con ser illa

⁴ Espiral Maior, Colección "A Illa Verde", A Coruña, 1995.

no ventre mesmo da historia (1995b: 32).

Despois de ser despoixados de todo -terra, patria, palabra-, soñar con ser illa (territorio afastado de calquera inxerencia externa) significa modificar o curso da historia que nos foi imposta rompendo con esa situación estática e desacougante que vivimos; mais tamén, como sinala Vicente Araguas,

"Dar o testemuño dunha loita incesante, a dunha nación que non ten, ou non debería de ter, dúbida e que non obstante por mor do azar temporal segue aferrollada a un mar inmóbil, a unha calma chicha na que os avances van seguidos dun recuar (...) incomprendible" (Araguas, 1995: 84).

Desde o corazón que sentía o amor e a soidade, e coa lucidez ferida pero calma de quen avalía as circunstancias asoballantes que lle tocou vivir, o eu poético imprime ós brazos unha función motriz no exercicio colectivo de remar. O xesto non é inútil por máis que a dureza da viaxe e as propias dúbidas que nacen do medo e da desorientación así parezan indicalo. Nestas horas de derrota, o eu poético é a voz da templanza que nos consola borrando do noso corazón os tremores da incerteza como follas mortas (1995b: 35) e alimentando unha esperanza que nace daquilo que nos une:

*Esa é a vea infinda
que terma de cada un de nós
e produce
un sopro longo
que se apaga nas noites
e renace cada mañá
para anunciarnos
un instante de afouteza
nos puños fechos* (1995b: 34).

O desalento e o desánimo son propios duns seres afastados da imaxe, artificial e férrea, que ostentan os modelos clásicos de heroe⁵ pois "*os heroes son aquí precisamente os derrotados, galegos que conservan a dignidade a pesar de todo. Épica dos vencidos que alimentan, contra toda esperanza, a fe no futuro*" (Ínsua, 1996: 22). De aí que o seu diario encararse cunha situación inhumana que non parece ter fin -representada simbolicamente nese avanzar tendo en contra a grande forza do vento (a sotavento)- só poida ir superándose en base a pequenas victorias, pasos de anano

⁵ Emílio Xosé Ínsua sinala na épica de Rafa Villar dúas características individualizadoras básicas que a afastan dos modelos arquetípicos: "En primeiro lugar, porque é unha épica onde cabe o desánimo, o desalento, a preocupación polo futuro, unha épica non necesariamente victoriosa. En segundo lugar, porque esa heroicidade non a protagonizan individuos tocados polo dedo divino, nen herois rimbombantes, nen sequera colectivos escolleitos, senón, como rezan os versos de Rafa, un "pobo humilde en xeneroso esforzo devecendo" (...) Nos piores momentos, este pobo mesmo chega a dubidar do seu propio existir, fica mudo, entrega con raiba a casa e defende humildemente habitá-la, perde a fe e bota de menos o sangue quente que un día no pasado o xunguiu" (Ínsua, 1996: 22).

fronte á xigantesca desmesura da desolación. Este é o cáliz amargo que deben beber constantemente, con raiba pero tamén con templanza e frialdade, os derrotados para, desde a lucidez, albiscar a ruta correcta sorteando os obstáculos:

Negáronnos,

*unha, dúas, tres e mil veces
fomos negados,*

*e alzaron pedras ao noso ignoto devir
de camiñantes sen destino
inzados de palabras vas (1995b: 49).*

O recordo de todo o que nos explica como pobo permítenos erguer o xesto desafiante, crebar a rocha e renovar un lume que aínda latexa nos dedos: o fogo redentor. Sen embargo, só o feito de superar a escravitude para garantir a chegada dun novo ciclo invernal de singradura-naufraxio é xa un paso adiante. E así por máis que fiquemos "*ennobelando pasado e presente/ co fío infindo/ dun mañá incerto nos anais da terra*" (1995B: 52) sempre debemos ter en conta que "*A HISTORIA, FULXENTE ESPIRAL/ AGARDARANOS*" (1995B: 52) para escribir os nosos nomes nela construíndo novas patrias.

Desde o colectivo, volve Rafa Villar ó intimismo nos versos do seu quinto poemario: *O tributo da tarde*⁶. Tras das reflexións metaliterarias que constituían a cabeza do seu corpo poético, a troncal temática amorosa e a suma dos brazos á singradura patriótica; aparece de novo un eu camiñante que fai residir nas súas pernas ese esforzo continuado de ir clarificando o seu paso polo mundo e pola vida, o peso inmenso do pasado e a incerteza do futuro. Así escolma na súa ruta vital os momentos decisivos e as presencias trascendentais nun camiñar meditabundo no que é doado ver ecos machadianos cando o ser, canso e solitario, busca unha tregua na súa batalla contra o baleiro do azul, contra o enigmático voo das horas e o sal das lágrimas que vai deixando atrás, contra o ataque a traición da chuvia e do sol. En definitiva, contra a vida e a súa dureza cotiá. Agora,

*Parece como se os días
pasasen distintos,
cargados de matices diferentes
e arrincándonos fragmentos
de pel.
Non fondo somos nós
os que amencemos
con outros rostros
xa que a vida
nos conduce
sen remedio*

⁶ Toxosoutos, Noia, 1997.

*cara a novas beiras
e o recendo das horas
endexamais conclúe
nas mesmas marxas. (1997a: 17).*

Vólvese reflexionar nesta obra sobre motivos temáticos anteriores mentres a tarde devala nesa hora incerta que é o crepúsculo, instante exento -pola súa brevidade- de dimensións espacio-temporais. O ser asume entón, con resignada e sabia actitude, todas as mudanzas operadas no seu entorno polo paso dos anos, a cartografía intensa da súa vida. A leve punzada saudosa cara a que parece derivar nalgúns momentos o discurso poético matízase de seguido cunha tregua ofrecida en forma de palabra a través da que albiscamos unha nova ruta -o *mapa das imaxes* (1997a: 44)- cando a memoria e o seu gume firen no rumor dos pasos perdidos dos ausentes e fica só o recordo e a aperta solidaria dos amigos. Sen embargo, a palabra non sempre é aliada:

*Cóbrense os sons
de sombra
e dificilmente
pode haber unha palabra
que resuma
esa luz extinguíndose (1997a: 22).*

A constatación do paso do tempo non acostuma provocar dor senón tranquilidade e resignación nun ser que se sente en harmonía co entorno, que aproveita o silencio vespertino para darlle unha volta de torniqueta á súa propia memoria e acadar lentamente a plena sabiduría. A caída da tarde demórase como os pasos do camiñante sobre a area, lentos e pausados, nun sosego pracenteiro que se estende polos versos como unha onda suave aínda que, ás veces, veña un vento encolerizado a perturbalo en forma de lembranza dolorida dos que se foron, das frustradas arelas:

*Cando nos aterra o insomnio
e nin a lembranza
das nosas pernas
sucando o día
é capaz de nos ofrecer
os pétalos en que acharmos
o xardín do repouso,
empeza a debuxarse en nós
o mapa das imaxes
que todo este tempo
viñemos baleirando:
a casa, o camiño, o río
e todos os rostros
nos que nos recoñecemos (1997a: 44).*

Conforme avanza no seu pausado camiñar, o eu poético vai comprendendo que o *tributo da tarde* consiste no prezo a pagar pola consciencia dun mesmo, pola sabiduría que só dan os anos. E malia ser este custe moi alto -perda dos seres queridos, decadencia física, frustración dos soños, asunción da propia finitude, etc.- o ser remata pagándoo gozoso polo moito que lle aporta:

*Agora que as xestas
(e o inverno)
conseguiron borrar
un anaco do tempo noso,
eu digo
que han pervivir
nos nosos corazóns
os camiños trazados,
porque naqueles pasos
soubemos aprender a vida
en toda a súa extensión,
e de non ser así,
hoxe teríamos outros acantilados
e as mans seguro que máis frías* (1997a, 33).

Pagado xa o tributo da sabiduría, Rafa Villar ensaia unha nova vía poética na súa sexta obra *Casa ou sombra*⁷, galardonada na primeira edición do premio "Cómaros Verdes" que o Concello de Vilagarcía de Arousa promove para recordar os 50 anos da edición desta obra na nosa lingua, a primeira tras do silencio imposto pola Guerra Civil (1936-39). Neste momento, como se aprecia desde o propio título, o ser vese enfrontado a unha dualidade que o obriga a optar. Aparentemente, por un lado está a casa,

"A casa: a tradición. A casa, ese lugar no que se cruzan a liña vertical que nos une co mundo dos mortos e a liña horizontal, que nos comunica co mundo dos vivos, cos outros seres humanos, cos nosos contemporáneos. A casa: aínda que derrubada, nunca o será a súa lembranza, pensamos. A casa en ruínas, dos románticos. Que é a casa do pai. A casa, o elemento feminino dos místicos" (Anónimo, 1997: s.p.),

e por outro a sombra, por máis que ambas sexan unha mesma realidade inseparable e se impliquen mutuamente. A memoria vai ter agora un lugar primordial no texto e, tras despregar os seus mapas, ofrece ó eu poético diferentes camiños, con graos diversos de dificultade, que pode percorrer ó seu antollo. Uns conducen á casa na súa época de esplendor, outros obrigan a (re)construíla desde os alicerces como quen deseña a súa árbore xenealóxica para, neste esforzo de elevar, nacerse dela. Así, o eu poético exclama:

⁷ Xerais, Colección "Ablativo Absoluto", Vigo, 1997.

*a casa
escávame
por dentro*

*fura
e fende
a miña cuncha*

esburácame

*tradea
a miña memoria (1997b, 7).*

Esta maneira de indagar na propia orixe implica, para alén dun traballo previo de ordenación íntima dos recordos, abrir en canal a memoria, explicitalo todo. Pero así, o ser fica desprotexido perante a lágrima, vulnerable ata extremos que ameazan a súa propia supervivencia. A memoria -representada por ese mar tamén ambivalente que rodea a casa- illa- amosa unha dobre face que pode guiar ó ser cara o verdadeiro recordo do seu pasado (enriquecendo así o seu coñecemento íntimo) ou inducirle un onirismo vácuo onde ficará perdido nunha latencia estática e intemporal, nun mundo de falsidade capaz de pechalo nunha casa que apodrece ata esmorecer con ela. A liña que separa a dobre condición destas augas é ténue e o eu poético teme cruzala sen decatarse pois sabe que:

*A casa
posúe
unha sombra
de seu*

sobre as augas (1997b: 115).

Conforme avanza cara ó interior da casa, e de sí mesmo, o eu poético vai depurando os seus recordos ó tempo que ispe o verso de todo o accesorio ata ficar breve e conciso na súa connotación pois os silencios tamén fan parte da casa abandonada. A expresión *adelgázase* (Araguas, 1998: 6) e "*o individuo escíndese para dar paso a un novo existencialismo que tinxe o verso en silencio*" (F.P.L., 1997: 4) ata o punto de teren percibido algúns críticos a proximidade entre esta obra e a "poesía do silencio":

"unha poesía depurada, exenta de elementos superfluos, onde o verso, tocado polo inefable, como diría o Abate Bremond, xorde tremeluciente dese silencio que atopamos nas augas ensimesmadas do eu. Casa como centro do mundo, como imaxe do seu universo interior, poboado de espellos e paisaxes. Espacio íntimo, pleno e autosuficiente. Poesía do silencio." (Carro, 1997: 74).

Mentres o verso se depura medra a sombra que ata o de agora ficara escondida, e faino como un inimigo que axexa a traición. A sombra, esa escuridade

que a casa deita sobre si mesma e sobre o propio ser, é sempre unha ameaza pero agudiza a súa forza cando o gume do tempo fire a parte máis sensible da memoria convertindo á casa reconfortante e protectora de antano en posesiva e inquisitorial, custodia das ruínas. A memoria amosa así a súa cara máis dolorosa⁸ e obriga ó ser a aceptar o grande peso sentimental dos recordos, dor que aumenta a constatación da propia vulnerabilidade perante o paso descarnado do tempo. A casa, agora colonizada por unha flora húmida que o destroza todo, tamén foi forte e vizosa un día, con esa fortaleza invencible que teñen os pais na conciencia imaxinaria dos fillos pero hogano xa "*é penumbra/ para tanta vida/ ausente*" (1997b: 41), hedra que se enrosca no corazón de quen a habitou fagocitándoo. Asíumese entón a finitude escondida na sombra:

"Mais, nada quedará da casa (da memoria, da tradición), nin os poemas (obra do suxeito, sobre o suxeito), nin os restos das bágoas (pola perda total, aniquilante): casa ou sombra? a sombra, o lado maligno, a desesperanza que é pecado (Kierkegaard), a negra bandeira baudeleriana. Mais tamén, e aquí é onde o poeta, Rafa Villar, expresa con forza a solidariedade entre o ético, o poético e o político -deixando que o poema sexa *poema*, quer dicer, que luta contra a opresión. Esa solidariedade, que ao cabo é o *histórico* do poema, só podía mostrar-se como se mostra: a desesperanza, a desesperación cáseque absoluta." (Anónimo 1997: s.p., cursivas no orixinal).

Aínda así o ser optará sempre pola casa como forma de volver sobre si mesmo xa que sofre o afastamento do predio natal "*como un exilio/ de sombras/ desgastadas// ás costas*" (1997b: 17). Na evocación séntese a dor do que non volve pero aínda reconforta deixarse ir ata a casa, beber a nostalxia presente neses cuartos húmidos "*que se fechan/ inverno tras inverno*" (1997b: 105) para gardar dentro o fluído que todo o destrúe. Casa e ser humano rematan feridos pola mesma forza antagónica, o paso do tempo encuberto que, como a sombra, sempre está pero non se percibe, que se esvae na intuición das súas pegadas e todos os corpos posúen de seu. Por iso o eu poético exclama: "*O tempo/ descansa en min/ o xusto/ para seguir/ pasando*" (1997b: 59) e

*os reloxos
salfiren
de tempo
o meu tempo
de reloxos* (1997b: 103).

⁸ Como opinan anonimamente desde *O Pote*: "O poema está atravesado, mellor, é un poema sobre a memoria e a súa ausencia. A casa é o factor redutor do poema e o común denominador das figuras; a memoria fusiona pasado e presente, vida e morte, mar e río, árbores e chuvia, un rincón da Galiza co universo..." (ANÓNIMO, 1997: s.p.), isto é, a memoria pon en contacto a realidade que gustamos de recordar coa máis dolorosa que tratamos de esconder.

Novos elementos de desacougo sumaranse aínda a un verso breve e incisivo como esas feridas onde a casa manifesta a fragilidade de quen xa non logra dobregar á sombra. O eu asume entón que dilatar os espazos e horas felices non é posible, que nin sequera se pode preservar o presente dos ataques do tempo. Mais cando, nun futuro incerto pero próximo, a casa se rinda á destrución para ir "*esluíndose/ no fonda/ dos días*" (1997b: 79), cando dela nada físico perdure, aínda nos quedarán os versos do noso autor para recordárnola desde a vivencia interior dun eu poético que afirma:

*Os meus restos
son esta casa
de espellos
mudos
que me crean* (1997b: 5).

Á fin este último, polo de agora, poemario de Rafa Villar enlaza coa sensación de pequenez perante as circunstancias vitais, a forza do tempo e o acto da escrita que amosaba xa nos seus primeiros versos ó afirmar:

*Son (e temo as definicións)
un pequeno punto no espacio
(e no tempo),
ese que fecha o círculo
da existencia* ([1993], II).

Nomear o xusto das cousas: eis a forma de depurar a súa esencia en versos espidos como nu está o ser que se deixa asombrar polo que el mesmo é, foi e será.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO, Francisco, "O espacio de Rafa Villar", in **VILLAR, Rafa**, *No mesmo espacio*, Edicións do Dragón, Galiza, 1995, sen paxinar.

ANÓNIMO (1997), "Un poeta de trinta anos", *O Pote*, Boletín do Grupo Anónimo de Barcelona, 15, sen paxinar.

ARAGUAS, Vicente (1995), "Falta algo", *O Correo Galego*, Supl. "Revista das Letras", 84, 30-11-1995, p. 6.

----- (1998), "Escola de silencios", *O Correo Galego*, Supl. "Revista das Letras, Artes e Ciencias", 11, 28-5-1998, p.6.

CARRO, Xavier (1997), "Poesía do silencio", *La Voz de Galicia*, 10-11-1997, p. 74.

DACOSTA, Marta (1995), "O devalo do mar, de Rafa Villar", *Festa da palabra silenciada*, 11, pp. 81-82.

F.P.L. (1997), "Casa ou sombra: esencia de Rafa Villar", *O Correo Galego*, Supl. "Revista das Letras", 178, 25-9-1997, p. 4.

ÍNSUA, Emílio Xosé (1996), "As singraduras de Rafa Villar", *Cerna*, 19, pp. 21-22.

NOGUEIRA, M^a Xesús (1995), "Rafa Villar, *No mesmo espacio*", *Faro de Vigo*, Supl. "Faro das Letras", XCII, 10-7-1995, p.3.

SEARA, Teresa (1995a), "A espiral do retorno", *A Nosa Terra*, 675, 25-5-1995, pp. 25-26.

----- (1995b), "Elevacións", *A Nosa Terra*, 685, 3-8-1995, p. 26.

----- (1997), "Totalidade do corpo", *A Nosa Terra*, 797, 25-9-1997, p. 24.

SOUTO, Francisco (1994), "Léxico mariño para rondar o erotismo", *A Nosa Terra*, 640, 22-9-1994, pp.25-26.

VIDAL, Carme (1996), "Rafa Villar, Marta Dacosta, Paco Souto, Igor LUGRÍS, Lupe Gómez e Eduardo Estévez", *A Nosa Terra*, 714, 22-2-1996, pp. 28-29.

VILLAR, Rafa [1993], *Liques da memoria*, Edición de Caixa Galicia, sen lugar.

----- (1994), *O devalo do mar*, Editorial Grafitec Autoedición, Santiago.

----- (1995a), *A sotavento dunha singradura*, Espiral Maior, Colección "A Illa Verde", A Coruña.

----- (1995b), *No mesmo espacio*, Edicións do Dragón, Galiza.

----- (1997a), *O tributo da tarde*, Toxosoutos, Noia.

----- (1997b), *Casa ou sombra*, Xerais, Colección "Ablativo Absoluto", Vigo.

TERESA SEARA
Dorna, 25, 1999, pp. 157-170